



MEMORIA XUSTIFICATIVA

O día 25 de febreiro de 2021 o Clúster da Automoción de Galicia (CEAGA) solicitou a utilización de diversas instalacións e infraestruturas do Centro Integrado de Formación Profesional de Coia .

Con data 25 de febreiro de 2021 a Directora do CIFP de Coia de Coia asinou un informe favorable a dita solicitude no que indicaba que “de acordo a Lei 5/2011, do 30 de setembro do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e, en particular, o seu artigo 37, se cumpren os obxectivos de temporalidade, non ánimo de lucro e un fin público como é a formación profesional”.

Os medios postos polo CIFP de Coia a disposición do CEAGA serán exclusivamente cando non resulten necesarios para o desenvolvemento das actividades propias do Centro e para os fins para os que están destinados os bens, tendo en conta que as autorizacións deben ser outorgadas en precario, e poderán revocarse libremente en calquera momento, sen que o interesado teña dereito a ningunha indemnización”.

Dado que entre os obxectivos desta Dirección xeral está o de promover unha oferta formativa de calidade, actualizada e adecuada ós seus destinatarios, e que comparte co CEAGA, especificamente, o obxectivo de mellorar as cualificacións profesionais do sector da automoción de Galicia, nas habilidades dixitais e tecnolóxicas e, así, fomentar a inserción laboral do alumnado no mercado de traballo, considera que procede aprobar dita solicitude.

De acordo a o exposto, dado que, a data de hoxe non existe ningunha outra solicitude, que os fins públicos para os que se ceden os medios e infraestruturas afectados son de formación profesional e que a Dirección do CIFP de Coia emitiu un informe favorable, considérase oportuno realizar un Convenio de Colaboración co CEAGA no que se regulen os aspectos desta colaboración

A directora xeral de Formación e Colocación
Zeltia Lado Lago.

